

ANIMAIS FANTÁSTICOS

Texto de JOSÉ JORGE LETRIA

Ilustracións de ANDRÉ LETRIA

Tradución e adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 24 x 24 cm. 48 páx. 16 €

Animais fantásticos (galego)

ISBN 978-84-1343-321-9. Álbums ilustrados. Maremar.

Animales fantásticos (castelán)

ISBN 978-84-1343-322-6. Libros para soñar. Obras de autor.


*Cuberto de plumas douradas, o meu corpo voador elévase no aire,
lentamente, despois de renacer do silencio que hai nas cinzas,
da tristeza que hai no lume, do esquecemento que hai nos séculos...*

[Fragmento de A Ave Fénix]

**Un percorrido pola mitoloxía e as crenzas populares na compañía
dalgúns dos seus personaxes máis coñecidos.**

Hai animais verdadeiros e outros fantásticos, marabillosos,
que pasaron a ocupar un espazo no imaxinario poético
das civilizacións, nas mitoloxías, nos libros de contos e lendas
tradicionais, alimentando a sede de fantasía de nenos e adultos
ao longo dos séculos. Nesta galería literaria e visual,
José Jorge Letria e André Letria -pai e fillo- representan
dezanove criaturas máxicas, dende o Centauro ao Lobishome,
do Unicornio á Esfinxe, unindo os seus talentos creativos nun libro
para todas as idades que reúne beleza retórica e estética.

Trazamos con esta fauna singular unha proveitosa viaxe
a través da memoria dos tempos e da historia dos pobos,
que lograron concentrar esperanzas, soños e medos en animais
creados pola imaxinación colectiva. Como o Ave Fénix
—un dos seres representados nestas páxinas— conseguiron
renacer das súas cinzas, superando o esquecemento
ao que estaban condenados pola humanidade.



■ **Temática:** mitoloxía, cultura popular.

■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** ilustracións a base da
mistura de texturas e colaxes de papel
pintado; iniciación á mitoloxía antiga
grecolatina e á cultura popular; catálogo de
“Animais fantásticos”: Ave Fénix - Basilisco
Bucéfalo - Cérbero - Centauro - Cíclope
Dragón - Esfinxe - Fauno - Grifón - Hidra
Lobishome - Minotauro - Ogro - Pegaso
Salamántiga - Serpe mariña - Serea -
Unicornio.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/animais-fantasticos-g>

José Jorge Letria

(Cascais, Portugal, 1951)

Con estudos en Dereito, Historia e Xornalismo
Internacional, exerceu a actividade informativa dende
1970. Tamén destacou como cantautor. Autor de
poesía, ficción e teatro, as súas obras foron
traducidas a varias linguas. Outros títulos seus para
público infantil e xuvenil recibiron diversos premios,
entre eles o Premio Gulbenkian 90-92, o Premio
Nacional 'O Ambiente na Literatura Infantil' e o Premio
da Fundación Nacional do Livro Infantil e Juvenil do
Brasil 2011.

<http://josejorgeletria.net/>

André Letria

(Lisboa, 1973)

Traballa como ilustrador desde 1992. En 2010
fundou a editorial Pato Lógico. Foi galardoado co
Premio Gulbenkian 2004, co Premio Nacional de
Ilustración 2000 (Portugal) e co Premio de Excelencia
en Ilustración da Society for News Design (EUA), entre
outros. A súa obra publicouse en numerosos países e
participou en varias exposicións internacionais.
Tamén participou na dirección de filmes de animación
e no deseño de escenografías para teatro.

<https://andreletria.pt/>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com